CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E OCTOLARVAE PARA I+D+i EN DESENVOLVEMENTO LARVARIO DE ESPECIES MARIÑAS

En Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Marta Villaverde Acuña, Conselleira do Mar, nomeada por Decreto 35/2025, do 4 de xuño (DOG n.º 106 do 5 de xuño de 2025), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

E doutra parte, a entidade mercantil **OCTOLARVAE, S.L.U.**, dedicada á investigación e desenvolvemento en cultivo larvario de especies mariñas, con planta de cultivo situada en Meira (Moaña), representada polo seu apoderado Manoel Carrera Folgoso.

Ambas partes recoñécense reciprocamente plena capacidade legal para contratar e obrigarse, e en particular para cantos efectos se deriven do presente CONVENIO entre a Consellería e a compañía mercantil comparecente, do que consignan como previos os seguintes,

ANTECEDENTES

1. O Servizo de Gardacostas de Galicia, servizo público de policía administrativa creado pola Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, con funcións de control e inspección e vixilancia dos recursos mariños, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

2. Determinadas artes de pesca ilegais, coñecidas como "cacharros" permanecen longos períodos baixo a auga, xerando estruturas artificiais que resultan idóneas para a fixación de postas de cefalópodos, ao proporcionar soporte físico para a fixación das postas.

3. As especies principalmente afectadas por esta circunstancia son o polbo común (*Octopus*

vulgaris), a lura (*Loligo vulgaris*) e o choco (*Sepia officinalis*).

4. As distintas estratexias reprodutivas dos cefalópodos fan que o número de ovos que aparece nas artes incautadas sexa moi variable:

As femias de *Sepia officinalis* realizan postas secuenciais, depositando entre 15 e 80 ovos illados por evento reprodutivo, habitualmente de cor negra, fixados firmemente a cabos ou redes mediante un filamento resistente.

As femias de *Loligo vulgaris* depositan entre 30 e 150 vainas por posta, contendo cada vaina entre 80 e 120 ovos, podendo atoparse nun único aparello más de 1.000 vainas adheridas en distintos puntos estruturais.

As femias de *Octopus vulgaris* realizan unha única posta ao final do seu ciclo vital, que é coidada de maneira continua ata a eclosión, tras a cal a femia morre, podendo oscilar o número de ovos entre 50.000 e máis de 600.000 por unidade de nasa plástica ou "cacharro".

5. As denominadas nasas de plástico ou "cacharros", actualmente prohibidas en Galicia, constitúen soporte habitual para a posta do polbo.

6. A devolución ao mar das artes que conteñen postas de polbo adheridas sen presenza da nai nela, leva a perda case total das mesmas, xa sexa por depredación directa —especialmente no caso do polbo— ou por morte derivada da falta de osixenación e proliferación de fungos cando repousan no fondo mariño sen corrente adecuada.

7. Octolarvae é unha entidade galega (Octolarvae, S.L.U.) dedicada á investigación, o desenvolvemento e o cultivo larvario de especies mariñas, especialmente cefalópodos como o polbo común (Octopus vulgaris), ademais de crustáceos e outros moluscos.

A súa actividade céntrase na acuicultura avanzada e forma parte de iniciativas científicas destacadas en Galicia, como a Unidade Mixta de Investigación ACUIREGAL, enfocada na acuicultura rexenerativa e a recuperación de recursos mariños en colaboración con institucións como o CSIC e a Xunta de Galicia. Conta con instalacións autorizadas en Meira

(Moaña) e traballa en proxectos de innovación para optimizar a cría en fase larvaria destas especies.

Octolarvae dispón de medios técnicos e científicos adecuados para a recollida, transporte e mantemento das devanditas postas, incluíndo tanque de transporte adaptado de 35 litros con Código ATES: CONT11360000014, así como un know-how moi adecuado para acometer un proxecto de investigación, innovación e desenvolvemento dirixido a estudar a viabilidade biolóxica e operativa dos obxectivos de investigación relacionados neste documento.

8. Por medio da Resolución do 13 de xaneiro de 2025, a Consellería do Mar outorgou o permiso de actividade a Octolarvae SLU para a instalación dun establecemento de acuicultura na zona terrestre do concello de Moaña para cultivo larvario de polbo común (**Nº Rexistro**: RA06673; **REGA**: ES360290088001; **Tipo de establecemento**: criadeiro). Por Resolución do 08 de xuño de 2025 a Consellería de Mar aprobou a ampliación de especies para cultivo larvario de nécora, centola, camarón e boi de mar e a través da Resolución do 18 de decembro de 2025, a Consellería de Mar aprobou a ampliación de especies para cultivo larvario de lagosta, santiaguiño, anemone, lagostino, ourizo, lumbrigante, lura, puntilla, e choco.

9. A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio de colaboración alíñase coa RIS3 de Galicia 2021-2027, en concreto co reto 1 (modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación) e coa prioridade 1 (sostibilidade). Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 1, integrándose, polo tanto, no programa Integra da RIS3 de Galicia 2021-2027 e no programa Coñecemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

10. Ambas as partes consideran de interese público minimizar a perda de postas e contribuír á sustentabilidade dos recursos mariños, establecendo un marco de colaboración estable,

flexible e de vocación continuada no tempo.

En virtude do exposto, as partes formalizan o presente Acordo de colaboración e acordan,

Primeira. Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para a recuperación, transporte, incubación e eventual liberación de postas viables de cefalópodos detectadas en artes de pesca ilegais ou non identificadas, incautadas polo Servizo de Gardacostas de Galicia, coa finalidade de minimizar a súa mortalidade e favorecer a conservación dos recursos mariños.

Segunda. Ámbito territorial

As actuacións desenvolveranse prioritariamente no tramo comprendido entre a ría de Vigo e a ría de Pontevedra, desde a desembocadura do Miño ata A Lanzada, sen prexuízo da súa eventual ampliación a outras zonas do litoral galego.

A delimitación inicial responde a criterios de proximidade e tempos de resposta respecto á planta de cultivo de Octolarvae en Meira (Moaña).

Terceira. Procedemento operativo e criterios técnicos

Cando o persoal do Servizo de Gardacostas observe a existencia de postas viables en artes incautadas, comunicarao a Octolarvae a través dos seguintes contactos operativos: Álvaro Roura (636510408), Alexandra Castro (611411435), Miguel Martínez (603777668) e David Costas (667880482).

A fin de optimizar a expectativa de éxito, convén que ata a chegada do persoal de Octolarvae, as postas manteranse en capachos con auga de mar, renovados cada hora, garantindo unha renovación constante de auga que asegure a adecuada osixenación e supervivencia das larvas ata a súa chegada a porto e recollida.

En canto aos criterios de manipulación, os "cacharros" que conteñan femias de polbo devolveranse ao mar, como leva facendo o servizo de Gardacostas ata a data.

Os "cacharros" que non conteñan femias e teñan postas poderán manterse completos, no capacho.

Os ovos de choco poderán manterse cortando o cabo ao que estean adheridos, non tirando deles xa que os embrións dánanse, evitando en todo caso danar a cuberta externa do ovo.
As vainas de lura extraeranse desde a súa base xelatinosa, sen proceder ao arrincado individual das vainas.

Octolarvae desprazarase ao porto onde estea atracada a embarcación para proceder á recollida e transporte en tanque homologado de 35 litros con Código ATES: CONT11360000014.

Cuarta. Documentación da entrega e trazabilidade

A entrega das postas por parte do Servizo de Gardacostas a Octolarvae formalizarase no porto mediante unha Acta de Entrega e Recepción cumprimentada por duplicado.

Para garantir a rastrexabilidade e a posterior comprobación pola Consellería do Mar, a acta recollerá:

- Datos do operativo: Data, hora, porto, embarcación de Gardacostas e axentes participantes.
- Datos de recepción: Persoal autorizado de Octolarvae e código do tanque homologado de transporte.
- Detalle do material: Especie, tipo de arte incautada de orixe, formato do soporte entregado (cacharro, cabo ou vainas) e cantidade ou estado estimado da posta.
- Firmas: Firma de ambas as partes, quedando un exemplar para o arquivo de Gardacostas e outro para o rexistro da planta de Octolarvae.

Quinta. Destino e limitacións

As postas recuperadas serán destinadas exclusivamente a incubación controlada, investigación científica e conservación do recurso. En ningún caso procederase á comercialización dos ovos, nin das larvas obtidas.

Nese contexto, a Consellería do Mar adoptará as prescricións necesarias, en especial en sede do Servizo de Gardacostas, para facilitar a operativa do proxecto, en especial naqueles casos en que se deban efectuar adaptacións na aplicación da normativa xeral vixente para poder realizar movementos, usos, etc., dos organismos acuáticos que estean regulados con carácter xeral pero non deban ser de aplicación a un proxecto de I+D+i colaborativo como o que é obxecto do presente acordo.

Sexta. Liberación de larvas

As partes poderán organizar soltas de larvas eclosionadas coa participación dunha unidade marítima do Servizo de Gardacostas de Galicia, como acción de conservación e sensibilización pública.

Sétima. Divulgación

Sempre que non exista obxección expresa por parte da Consellería do Mar, poderá darse publicidade institucional á colaboración establecida, documentarse as recollidas e liberacións con fins divulgativos ou documentais e difundirse estas actuacións en medios de comunicación, respectando en todo caso a imaxe institucional da Administración.

Oitava. Comunicación de datos aos efectos da avaliación da RIS3 e outros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

As partes comprométense a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración das actuacións no marco da avaliación da RIS3 de Galicia ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros, as enquisas do INE.

Novena. Réxime económico

O presente Convenio non xera contraprestación económica, nin obrigacións financeiras entre as partes, asumindo cada entidade os custos derivados das súas respectivas actuacións.

Décima. Comisión de seguimento

Créase unha Comisión Mixta de Seguimento composta por dous representantes designados pola Consellería do Mar e dúas por Octolarvae, encargada de velar pola correcta execución do presente Convenio, así como de resolver as posibles controversias interpretativas que poidan xurdir.

Esta Comisión reunirase polo menos unha vez ao ano, ou a pedimento de calquera das partes.

Undécima. Vixencia

O presente Convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá unha duración inicial dun (1) ano. Finalizado este prazo, o Convenio prorrogarase automaticamente por períodos anuais sucesivos, salvo que calquera das Partes notifique á outra a súa vontade expresamente de non prorrogalo, mediante comunicación por escrito e cunha antelación mínima dun (1) mes á data de vencemento do período inicial ou de calquera das súas prórrogas.

En ningún caso a duración total do presente Convenio, incluídas as súas prórrogas, poderá exceder dun máximo de catro (4) anos.

Duodécima. Extinción e resolución

Este Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución: o acordo unánime dos asinantes, o incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos, ou a denuncia expresa de calquera das partes efectuada co prazo mínimo de aviso previo establecido.

Décimo terceira. Natureza xurídica

O presente Convenio subscríbese ao amparo das competencias exclusivas que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, de conformidade co artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Formalízase ao amparo dos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Ten natureza administrativa, carece de carácter contractual oneroso e queda excluído do ámbito de aplicación da lexislación sobre contratos do sector público, suxeitándose á normativa vixente en materia de transparencia e publicidade activa.

Décimo cuarta. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a tratar os datos de carácter persoal dos representantes

e das persoas de contacto identificadas neste convenio de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.

Os datos serán tratados coa exclusiva finalidade de xestionar a relación convencional e o desenvolvemento das operacións de contacto e recollida descritas, non sendo cedidas a terceiros salvo deber legal.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Mar	Por Octolarvae
Marta Villaverde Acuña	Manoel Carrera Folgoso